Síntese:

AS TEORÍAS ÉTICAS ANTE OS RETOS DA SOCIEDADE ACTUAL

1. AS DEFINICIÓNS DO BEN MORAL

A finalidade de toda teoría ética é definir o ben moral.

1.1 Felicidade e xustiza nas teorías éticas

Segundo que a énfase se poña no ámbito persoal individual ou no social comunitario, o ben moral será concibido como felicidade ou como xustiza.

a) As teorías éticas da felicidade adoitan ser *teleolóxicas* e *materiais*.
   - Teleolóxicas porque afirman un fin *(télos)* natural para a vida humana, e que a felicidade consiste en achegarse a ese fin.
   - Materiais porque establecen en concreto qué se debe facer e evitar para acadar ese fin: a felicidade.

b) As teorías éticas da xustiza adoitan ser *deontolóxicas* e *formais.*
   - Deontolóxicas porque se centran no deber (*deón*), sobre todo cos demais, renunciando a establecer unha teoría universal (válida para todos) sobre os fins da natureza humana e a felicidade.
   - Formais porque se limitan a establecer maneiras e procedementos para actuar con xustiza e imparcialidade (a forma de actuar, non o contido das accións).

1.2 Evolución histórica das teorías éticas:

- As teorías antigas e medievais, en xeral, están centradas na idea de felicidade individual e son teleolóxicas e materiais.
- As teorías modernas, pola contra, están centradas no ideal de xustiza e son deontolóxicas e formais, en xeral.

2. OS RETOS DAS TEORÍAS ÉTICAS CONTEMPORÁNEAS

Na época contemporánea as principais teorías éticas tratan de compatibilizar os ideais de xustiza coa aspiración á felicidade individual.

2.1. A reflexión ética no contexto social e cultural da sociedade actual

As sociedades actuais presentan un *estilo de vida hedonista*, ao mesmo tempo que existe un forte *sentimento igualitario e democrático* entre os individuos.
Por outra parte, os procesos de *emigración e globalización* crearon sociedades cada vez mais multiculturais nas que existen valores moi dispares.
Estes fenómenos obrigan ás principais teorías éticas a delimitar dous ámbitos de reflexión moral:

- o da felicidade persoal, no que só caben propostas e suxestións subxectivas ou particulares (ética máxima: ideais globais de vida), e
- o da xustiza no que se poden definir deberes e dereitos esixibles a todo o mundo (ética mínima: mínimos de convivencia).

Pero, calquera ética de máximos haberá de ser compatible coa ética mínima.

2.2. Felicidade e xustiza nas teorías éticas actuais

Dúas grandes teorías éticas actuais tratan de compatibilizar mínimos e máximos éticos:

a) A Ética neocontractualista de Rawls:
   - Rawls parte dunha situación orixinal hipotética dende a que decidir a estrutura básica dunha sociedade xusta: tal situación (imaxinaria) tería que caracterizarse polo "veo da ignorancia", que suporía descoñecer a posición e papel que a cada un lle puidera corresponder ocupar por nacemento na sociedade. Así, a decisión sobre a estrutura xusta da sociedade sería realizada en condicións de imparcialidade.
   - Dende estes supostos, os individuos definirían como 2 regras dunha sociedade xusta:
     - igualdade para todos en canto aos bens primarios ou básicos, e
     - diferenzas de acceso a cargos e recursos só con 2 condicións:
       - igualdade de oportunidades, e
       - que as diferenzas redundaran no beneficio dos más desfavorecidos.

b) A Ética dialóxica de Habermas:
   - A liberdade e autonomía do individuo só se desenvolve e fai posible na interacción e comunicación racional cos outros individuos.
   - Dende este suposto, os individuos deberán someter a diálogo e discusión os seus intereses para establecer cales son compatibles cos dos outros (e polo tanto, lexítimos) e cales no o son (e, polo tanto deberán ser revisados e acomodados).